
Escrita 5

OUTONO 1984

XOHAN CASAL 1935-1960



Portada, FOTO XOHAN CASAL. 3, FOTO-XOC por M.L.A. 4, AMALIA RODRIGUES por Margarita Ledo Andión. 6, Documentos: 1º Encontro de escritores de Galiza, Euskalerria e os Paises Cataláns. PONENCIAS-CONCLUSIONS. 7-8, MANTIS RELIXIOSA por Víctor García e Manuel Vicente. 9, XORNADAS DE CINE, PUNTO DE PARTIDA por Miguel Anxo Fernández. 10, SOBRE A LEI DE NORMALIZACION (?) LINGÜISTICA por María Pilar García Negro. 11, I CONGRESO INTERNACIONAL DA LINGUA GALEGO-PORTUGUESA NA GALIZA, por M.F. 12, 13, FRAGMENTO DUNHA CARTA, Xohan Casal Pardo, marzo de 1959. 14, 15, KAFKA E DOSTOIEVSKI por Jean Starobinski. 17, A INVESTIGACION MALACOLOXICA NA RIA DE VIGO, Por Emilio Rolán Mosquera. 18, O TEOREMA DE GÖDEL por Alain Badiou. 19, A ESTETICA DO VALADO E DA CANCELA por Manuel Facal. 20, TITIN E "O CETRO DE OTTOKAR" por Carles Prats. 21, LUZ POZO GARZA, Poemas e dibuxo. 22, QUAND VOUS SEREZ BIEN VIEILLE... Soneto de Ronsard traducido por Dario Xohán Cabana. Poemas de Xoaé M. Costa, Xosé A. López Dobao, Lino Braxe, Xulio Bejar, Rivadulla "Corcon". Dibuxos: Páx. 2 e 22, Mantecón; Páx. 11, Permuy; Páx. 12, Reimundo Patiño; Páx. 14, Xurxo Fernández; Páx. 18 e 19, César Fernández; Páx. 21, Luz Pozo Garza; Páx. 17, Amando González; Páx. 23, Anxel Huete. Fotos: Páx. 4 e 5, Xurxo Fernández; Páx. 6, Xoán Piñón.



SECTOR DE CULTURA
CONCELLO DE VIGO

COA COLABORACION DO
CONCELLO DE VIGO



Enterro de Didier Lafitte, militante de Iparretarak, en SanXoan deLuz, Euskadi Norde, o 11 de agosto de 1984. "Dancing Last Respect" tiduou a axencia Associated Press ao pasar a foto. Ultima Homaxe. O tráxico, se aparece contextualizado, ampliando información a travesdo do imaxe, non é traumático. Pero estas imaxes raramente acadan difusión nos medios de comunicación de masas.

Foto-xoc

Por Margarita Ledo Andión

CANDO unha fotógrafa de guerra, Christine Spengler, comenta: "os meus camaradas masculinos adoitan recoller unha imaxe estereotipada da guerra. Corpos calcinados, cadavres nas cunetas... lévache dez minutos saber se se trata de El Salvador, O Libano, Vietnam", cando Christine di isto, está a delimitar que é o que marca a actitude profesional, qué demanda de foto de prensa é a que domina o mercado: o cadavre, o xoc. Cando Pierre de Fenoyl, orgaizador da mostra Photo-Journalisme no Festival de Outono (París, 77), declara que case todas as fotos son de inundacións, terremotos, golpes, manifestacións, detencións, asasinatos; e interpretao como un empobrecimento do contido da foto-press, está decindo que, cada vez máis, a información dominante reduce o real a unha parodia.

Cando Slondörff, en Circo de Engano, rodada con material documental de O Libano, ensína aos corresponsais occidentais mercando fotos de violacións, masacres, nunha barra americana, está decindo cómo se transforma a rutina profesional en cinismo.

Nos lindes desta realidade, e si collemos como referencia puntual a selección que a nivel de todo o mundo realiza cada ano a fundación holandesa "World Press Photo"*, estáse a expresar un movementos superador da rutina do xoc para tentar a contextualización, a información activa e algúns signos de independencia profesional, movemento que trae á memoria actitudes similares arredor da guerra de Vietnam.

De certo, para o xurado internacional da World Press, a actualidade que sobrancea é un terremoto en Turquía, na imaxe dunha muller que ve morrer aos seus cinco cativos (foto de Mustafa Bodemir), ou O Irán, ou Refuxiados en Nixeria, ou, sempre, sempre, O Libano. Pero o traumático de outrora, o gran primeiro plano sanguiñolento, vaise trasladando máis para a vida cotián, para o espacio persoal: vellos solitarios, moribundos, a Miss que perde unha perna...

O consumo ávido de necrofilia deixa, pouco a pouco, os feitos colectivos. Un síntoma, anque incipiente, alentador. Porque, hoxe por hoxe, a imaxe dominante, o modelo da foto-periodismo, sigue a ser a imaxe-xoc.

A imaxe, a foto-xoc defínese, dentro do universo da foto-press, polo seu carácter unívoco, que expresa o traumático de feitos e procesos e que, ao expresalo, "suspende a linguaxe e bloquea a significación" (1). O seu ámeto de representación inclúe toda a iconografía do anormal, da violencia collida "ao vivo", dos resultados dunha catástrofe común ou individual.

A foto, analoxía do real, chega na foto-xoc ao se grau máximo nas posibilidades de informar sen código, característica estructural da imaxe.

A foto-xoc é xa unha constante na política informativa dos mass-media. O seu uso, apresurado e necesario, perfílase en conxunción con outros elementos que caracterizan na actualidade o fenómeno comunicación-información no capitalismo de organización e nos modelos que implanta.

En conexión funcional coa profusión da foto-xoc, as políticas informativas institucionais vannos amosando a sua intención de xendarmizar as sociedades, de pasivizar ao receptor.

Así, extrapolando a imaxe do traumático aos atentados en directo do 1982 (Reagan e Woytila, Sadat), é a investigadora Michelle Mattelart quen nos di: "O terrorismo é o movemento político que mellor comprende a racionalidade sensacionalista dos Medios (de comunicación)... Paralelamente, un pouco ou un muito de terrorismo feito público abóndalle (ao Poder) para lexitimar a práctica de novos estados de excepción, para pecharse (o cidadán) na unanimidade do terror e na demanda de seguridade".

Crise. ○

Margarita Ledo Andión

---

*Mostra *World Press Photo 83*. Barcelona. Fundació Caixa de Pensións.


---

(1).- Roland Barthes / *Essais Crithigues*

Amalia Rodrigues

Por Margarita Ledo Andión

ENTRE a voz xestual, a arte vocal popular que arrastra na palabra, e esta señora sen maquillaxe; entre a imaxe controvertida dun símbolo que repetiu o "ancienne régime" e as teimas sacrosantas na esquerda que xa se fixeron auga pasada; entre a sua habitación con madonas, colares de plástico, empeñada en que algo cardiaco anda a asediala; entre a preocupación polo seu signo zodiacal, Leo, "como o signo de Portugal", xeneroso e exibicionista, e esa marxinalidade de non sentirse en ningún medio, nen no popular —por orixe—, nen na Higt Society lisboeta —por desinterés—, nen no intelectual —por escepticismo—, nen en dereita ou esquerda —por fe—; sob esa bóveda coa que domina como personaxe público está Amalia. Dispersa, atrainte, interrumpindo frases, como "unha força da natureza" definíanola George Strestch



Amalia Rodríguez. De vostede fálase así: negro, ollos pechos, a cabeza para atrais...

Boeno, os críticos falan do que ven e non hai dúbida en canto a que eu canto de negro, con mantón negro —o pobo usa sempre o chal negro— e canto de pé, sempre cos ollos pechos, o negro, ten que ver coa timidez e eu vou por aí adiante máis segura toda tapada, saia longa, chal... si, si, cando eu vendía laranxas nas ruas de Lisboa compría pregoar a mercadoría e Amalia non era capaz de cantar o pregón das suas laranxas. Qué cómo...? tiña voz, todos o dicían, e é natural que iso provoque non sei se vanidade pero unha fica un chisco convencida. A min propia gustabame ouvirme. Ademais, verdadeiramente, ser artista para min era algo extraordinario. Eu ollaba unha lentexuela brillante nunha saia de calqueira artista, mesmo se era unha pésima artista, e semellabame unha raiña. Tamén, claro, esas cousas de que si o meu aspeito que era popular, si señor, pero non vulgar. En fin, que un día convidáronme a unha proba da voz e eu fun, as agachadas dos meus pais, cunha hirmá miña e mais unha tía.

Esa transcendencia, a liturxia toda do fado, rompeuna nun disco recén, no 82, no que inclue un xogo cun extraterrestre.

Pois. Non fun Amalia por cancións de ovnis pero topeino simpático, sabe, cando un é mui calado vai e solta un chiste desúpeto. Evidentemente non vou seguir co extraterrestre anque eu fixen decote cousas así. No meu primeiro disco tiña a manía de cantar en español, "Ojos Negros", "La Piconera", sen que tivesen nada que ver co fado. As cousas pasan dese xeito, porque hai un momento no que me fan gracia, un entusiasmo repentino.

Unha espontaneidade que non puido ser muita dende que se profesionaliza, no ano 40, para chegar a obter un lugar no Olympia parisino no 56. O aparello comercial debeu ser forte.

Nunca pensei niso, nunca tiven secretario nen axente artístico, a non ser un actor brasileiro que facía de presentador nos espectáculos algo importantes. Aconteceu que fun cantar tres cancións nunha película e delas dúas tiveron éxito, o que se chama éxito: ouvíanse nas máquinas tocadiscos. Por iso fun ao Olympia, sen pensalo nen naide propoñelo antes. No Olympia foi un acontecimento e despois chegaron as casas de discos fortes e a promoción, que xa non me compete, que non son persoa para venderme a min mesma, que nen gusto de andar por aí, que non teño paciencia nen disciplina ¿Coidas que Julio Iglesias estaría agora na cama, conversando?

Non, nen coidamos ouvir decir nunca del, como ouvimos decir de Amalia que é unha forza nacional, porque Amalia viviu épocas mui diferentes e era, como o diríamos, a cantante do salazarismo.

E que antes do 25 de abril nunca pensei nesas cousas. Na miña casa, miña nai, miña aboa —xa ve que eran xente pobre— sempre decían que Salazar era extraordinario. Da miña nai, que non tiña vintecinco céntimos para facer a sopa, non se pode dec ir que fora fascista, pero eu de cativa ouvin: Salazar é o que manda, Salazar é o que manda, Salazar é o que manda. Vin a Salazar e gustoume a sua figura, nunca pensei en nada máis e pasei por esa época o mesmo que pola de despois, somente que despois as persoas foron as que cambiaron. Eu non tiña procesos de análise para isto ou para aquelo, de maneira que fun atravesando as épocas. Ninguén se meteu conmigo antes, e ninguén, agás tres ou catro persoas, pero nunca oficialmente, se meteu conmigo despois... si, houbo boicot na Radio, na TV, pero eu non poido crer que a todos lles gustara Amalia antes e que de súpeto a ninguén lle guste Amalia, unha cousa que inda me fuxe.

¿Non se considera contraditoria?

Non, sinto sempre dacordo conmigo.

Pero cando morreu Salazar envioulle frores e, porén, xa antes do 25 de Abril vostede grabou letras de autores de esquerda, algúns exilados, e con estas cancións proibidas ganou o "Grand Prix du Disque".

Cantei o que me gustaba. A persoa mesma que me facía a música é de esquerda, andaba con poetas de esquerda e trouxome letras que me gustaban. Entón, cando estaban proibidas as cancións de intervención política, eu cantaba a Manuel Alegre, a David Mourao-Ferreira porque eran bonitas, sen ter eu nada que ver coa política. Pero nunca fun timorata e daquela tampouco tiña por qué selo. Por exemplo, se había que grabar un programa para a TV e xa se sabía que un autor(a) iba ser censurado eu non mandaba a ese autor previamente pero cando chegaba á TV cantábao igual. ¿Qué alguén viña a preguntar? Simplemente, eu non sabía que estaba proibido... nunca entendín porque me era proibido como non o entendín despois do 25 de Abril. Gústanme as sardiñas asadas como a todos pero hai a quen lle gusta o salmón. Eu coido que hai un sitio para o caviar outro para o salmón e tamén outro para o xurelo.

E a sua comida preferida é o salmón ou é o xurelo?

Francamente, no senso de comida, o xurelo! Agora, no senso da poesía, a do xurelo e a do salmón. A vida ten que ser así. Se unha persoa somente lése grandes poetas, se só cantase grandes poetas, mesmo parecería que non existisen grandes poetas. O Fado é vida, é destino, e eu non poido deixar de cantar os Fados de hai trinta e cinco anos... as persoas teñen a sua historia de amor, os seus costumes, e é natural que lles chegue máis o que aprenden do seu día a día.

Non lle debeu ser doado, como muller, persoalmente, artellar o seu día a día a Amalia ¿nonsi?

O tipo de comportamento esixido cando eu era moza vaia se era ben diferente! Antigamente unha persoa que, como se di por aquí, enganaba ao marido, era "apedreada" viva... pero mesmo así houbo quen arriscou. É difícil, pero sempre houbo alguén con coraxe. Eu sempre fun algo obediente anque coas miñas dúbidas, esas cousas que non entendía, e o que eu non entendía como malo non estaba mal. É decir, fun sempre unha persoa independente anque iso non signifique que non teña sufrido con iso.

No seu país unha muller foi 100 días primeira ministra, ¿lembra o Goberno da Pintassilgo?

Non me din muita conta do goberno da Pintassilgo, agora ben, son muller e ¡como non ía a estar ben que unha muller fora primeiro ministro! eu si que non estou feita para primeiro ministro, eu non tería ese dereito, anque, tamén sei que os homes poden facer tantas e máis burradas que as mulleres. Oiga, eu si que, con toda seguridade, non daba para primeiro ministro, penso que en política non se pode ser tan espontánea... ¿sabe unha cousa? Santiago de Compostela, teño un recordo mui lene desa cidade pero até o nome semellame bonito, Santiago de Compostela... O